

## ANEXO II. DECLARACION RESPONSABLE

D. \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, r/ \_\_\_\_\_, n.º \_\_\_\_\_, con DNI n.º \_\_\_\_\_, en representación da Entidade \_\_\_\_\_, con CIF n.º \_\_\_\_\_, a efectos da súa participación na licitación dos servizos de AXUDA NO FOGAR, ante o Concello de Moraña.

### DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

**PRIMEIRO.** Que se dispón a participar na contratación dos servizos de AXUDA NO FOGAR”.

**SEGUNDO.** Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos polo apartado primeiro do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para ser adxudicatario do contrato de servizos consistentes en AXUDA NO FOGAR, en concreto:

- Que posúe personalidade xurídica e, se é o caso, representación.
- Que está debidamente clasificada a empresa ou, se é o caso, que conta cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.
- Que non está incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e encóntrase ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador. (No caso de empresas estranxeiras)
- Que o enderezo de correo electrónico en que efectuar notificacións é \_\_\_\_\_.

**TERCEIRO.** Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para iso.

E para que conste, asino a presente declaración.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017

Sinatura do declarante,